


A nova Colección Colmeiro



**Exposición
permanente**

.....

**Pinacoteca Francisco
Fernández del Riego**

**CONCELLO
DE VIGO**



“A nova colección Colmeiro”

A arte é pura emoción. Emociona e inunda todos os nosos sentidos. É un dos máis notables efectos da cultura: a súa capacidade para conmovernos. E a min emocióname especialmente esta marabillosa exposición, “A nova colección Colmeiro”, na Pinacoteca municipal Francisco Fernández del Riego. Unha mostra que colma todas as nosas expectativas e culmina un traballo conxunto de meses.

Quero mostrar o sincero agradecemento desta cidade aos familiares do excelso pintor pola cesión de boa parte da súa obra ao Concello de Vigo. A súa xenerosidade foi o punto de partida dunha colaboración que acada o seu punto álxido aquí, nos 21 óleos e 145 debuxos que conforman esta exposición da que xa pode gozar toda a cidadanía, libre e gratuitamente, como acontece con todos os museos do concello. E abrimos esta mostra 90 anos despois de que tamén Vigo, como non, acollese a primeira exposición do artista, en 1928, nos salóns do Faro de Vigo. Éncheme de emoción e orgullo que así sexa.

Polo camiño, Manuel Colmeiro, home de principios cunha profunda convicción democrática, tivo que exiliarse para esquivar a barbarie do alzamento militar e as pétreas décadas da ditadura, primeiro en Bos Aires, logo en París. Na emigración comparte ambiente cultural con artistas como Luís Seoane ou Rafael Dieste, e planta a semente do futuro grupo dos “Renovadores” da man doutros galegos ilustres como Souto, Maside ou Laxeiro.

Retornará á súa Galicia en 1989, pero lonxe ou preto da súa terra, Colmeiro cultivou unha galegitude auténtica e vangardista, estendeu os significados de Galicia, das súas paisaxes e mesmo da pintura coa súa obra. Ademais, deixou un inmenso legado artístico, só equiparable á pegada persoal que recordan aqueles que o coñeceron en vida.

Vigo —que comparte co artista a súa condición de galego universal— dá un paso de xigante no seu desenvolvemento cultural con esta exhibición. A pintura de Manuel Colmeiro, prestixiosa e recoñecida dentro e fóra das nosas fronteiras, é un patrimonio mundial de primeira magnitude que pode ser agora coñecido ou redescuberto na nosa cidade. En España, a arte pictórica da segunda metade do século XX non se entendería sen o talento de Colmeiro e agora Vigo convértese na sede perenne da súa creación cultural. Sen lugar a dúbidas, en Vigo estamos de parabéns.

Abel Caballero
Alcalde de Vigo



Autorretrato
Óleo/lenzo
46 x 38 cm
1937



Campeños
Óleo/lenzo
119 x 48 cm
1928



Mineiros
Óleo/lenzo
98 x 121 cm
1929



Labranza
Óleo/lenzo
101 x 132 cm
1931



←←

Sen título

Serie "A guerra"
Tinta/papel
27 x 36,5 cm
1937

←

Sen título

Serie "A guerra"
Tinta/papel
32 x 40 cm
1936

Sen título
Lapis/papel
29 x 37,7 cm
1930





Tres Grazas
Óleo/lenzo
65 x 81 cm
1968 - 1970



O sono
Óleo/lenzo
66 x 82 cm
1933

A guerra
Óleo/lenzo
114 x 146 cm
1963 - 1970



Sen título
Serie "A guerra"
Tinta/papel
25 x 32,7 cm
Ca. 1937





O pintor e a modelo

Óleo/lenzo
81 x 100 cm
1974 - 1976

Esta publicación mostra unha pequena selección da obra que abrangue a nova colección Colmeiro.

Pinacoteca Francisco Fernández del Riego
Rúa Abeleira Menéndez, 8. VIGO

Exposición permanente

Horarios:

Martes a venres de 18h a 21h

Sábados de 12h a 14h e de 18h a 21h

Domingos e festivos de 12h a 14h

Luns pechado (incluídos festivos)

Máis información na páxina web
www.vigocultura.org



Folleto

D. L. VG 318-2018